

Coa colaboración de:



PROGRAMA EMEGA

Son un conxunto de axudas dirixidas a:

- apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres;
- favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral;
- favorecer o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación para facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

Que liñas de axuda comprende o Programa Emega?

1. **Liña Emprende:** posta en marcha de iniciativas empresariais e creación de emprego feminino.
2. **Liña Activa:** reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres e implantación de medidas para a mellora da competitividade e o mantemento do emprego.
3. **Liña ITEF:** impulso de iniciativas empresariais con carácter innovador.
4. **Liña Concilia:** promoción da conciliación.

Requisitos común das liñas do programa Emega:

- Ser unha empresa privada coa categoría de microempresa ou pequena empresa validamente constituída, baixo calquera das seguintes formas xurídicas:
 - a. empresarias individuais
 - b. sociedades civís
 - c. comunidades de bens
 - d. sociedades mercantís (incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado)
- Ter domicilio social e fiscal, así como establecemento de produción ou comercial en Galicia.
- A administración da empresa ten que ser exercida por mulleres.
- O capital social debe estar maioritariamente subscrito por mulleres no caso de pequenas empresas e integramente subscrito nas microempresas.
- Non ter percibido axudas ao abeiro do programa Emega nos tres anos anteriores na data do inicio da actividade económica no caso das liñas Emprende e ITEF e na data da finalización de presentación do prazo de solicitudes no caso da liña Activa.
- Non poderán ser beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro, públicas ou participadas, agás que se trate de participacións minoritarias de carácter temporal ou préstamos participativos a través dalgún instrumento de apoio financeiro á iniciativa emprendedora.

Como se poden solicitar as axudas incluídas no programa EMEGA?

A solicitude ha tramitarse, exclusivamente, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia a través do seu formulario normalizado dispoñible. O código de procedemento correspondente é o SI429A: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=SI429A>

Cal é o prazo de solicitude?

Todas as liñas de axuda poderán solicitarse entre os días 15 de xullo e 16 de agosto de 2021.

Coa colaboración de:



LIÑA EMPRENDE

Que é?

É unha liña de axudas económicas para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

A quen se destina?

- A empresas de nova creación constituídas por mulleres.
- O inicio de actividade debe estar comprendido entre o 1 de agosto de 2020 e o 16 de agosto de 2021.
- Han supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras. A promotora ou promotoras deben estar desempregadas antes do inicio da actividade laboral (un mínimo dun 50 % en caso de ser máis dunha).

Contía:

En función dos postos de traballo creados (por conta propia ou allea con contrato indefinido):

N.º de postos de traballo creados	Contía
0 da promotora	10.000 €
Dous postos de traballo (incluído o da promotora)	16.000 €
Tres postos de traballo (incluído o da promotora)	20.000 €
Catro ou máis postos de traballo (incluído o da promotora)	22.000 €

Coa colaboración de:



LIÑA ACTIVA

Que é?

É unha liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer:

- A reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres.
- A implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade e que sexan necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa subsistencia, consolidación e mellora.

Estas medidas non poderán supor, en ningún caso, destrución do emprego existente por conta propia e allea.

A quen se destina?

A empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar constituídas por mulleres
- Presentar un proxecto de mellora ou de reactivación para o mantemento do emprego e para asegurar o necesario equilibrio empresarial.
- O inicio da actividade debe ser anterior ao 1 de agosto de 2020.
- Manter ou incrementar o número de postos de traballo por conta propia ou allea.
- Alta na seguridade social dos novos postos de traballo entre o 1 de agosto de 2020 e o 16 de agosto de 2021.

Contía:

Fíxase en función do número de postos de traballo para mulleres na empresa como consecuencia do mantemento ou do incremento do emprego preexistente (por conta propia ou allea con contrato indefinido) segundo a seguinte escala:

N.º de postos de traballo	Contía económica
0 da promotora	8.000 €
Dous postos de traballo (incluído o da promotora)	12.000 €
Tres postos de traballo (incluído o da promotora)	14.000 €
Catro ou máis postos de traballo (incluído o da promotora)	17.000 €

* As empresas solicitantes deben cumprir, ademais, os requisitos comúns do conxunto do programa EMEGA.

Coa colaboración de:



LIÑA ITEF:

Que é?

É unha liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

A quen se destina?

A empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar constituídas por mulleres.
- Ser de nova creación e responder a un proxecto empresarial de carácter innovador no eido da investigación e da tecnoloxía.
- O inicio da actividade económica e a alta na seguridade social das promotoras debe estar comprendido entre o 1 de agosto de 2020 e o 16 de agosto de 2021.
- Debe crear os postos de traballo das promotoras, que previamente terían que estar desempregadas (polo menos o 50 % delas).
- Un mínimo dunha promotora debe ter unha titulación universitaria do ámbito científico.
- Non ter desenvolvido actividade empresarial na mesma actividade económica nos tres anos inmediatamente anteriores á data dos efectos da alta na seguridade social.

Contía:

Fíxase en función do número de postos de traballo con carácter estable creados para mulleres (por conta propia ou allea con contrato indefinido):

N.º de postos de traballo creados	Contía económica
0 da promotora	18.000 €
Dous postos de traballo (incluído o da promotora)	27.000 €
Tres postos de traballo (incluído o da promotora)	32.000 €
Catro ou máis postos de traballo (incluído o da promotora)	42.000 €

* As empresas solicitantes deben cumprir, ademais, os requisitos comúns do conxunto do programa EMEGA.

Coa colaboración de:



LIÑA CONCILIA

Que é?

É unha axuda complementaria para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

A quen se destina?

As empresas que as soliciten expresamente e que resulten beneficiarias de subvención por calquera das liñas (Emprende, Activa ou ITEF) previstas nesta convocatoria.

Modalidades existentes:

- Concilia promotoras:

Incentivo de 3000 euros por empresa, sempre que forme parte dela algunha promotora con filla/s ou fillo/s menores de tres anos na data de finalización do prazo de xustificación da axuda.

- Concilia-persoas traballadoras por conta allea:

Incentivo por importe máximo de 5000 euros por empresa, sempre que se solicite expresamente e se opte por un dos seguintes supostos:

CONTÍA	MODALIDADE DE CONCILIACIÓN
Importe de 4000 €	Formalización dun acordo ou pacto de conciliación para todo o cadro de persoal da empresa, para a implantación de novos sistemas de organización do traballo que favorezan a conciliación e a corresponsabilidade. As medidas: <ul style="list-style-type: none">• deben permitir unha maior adaptación dos tempos de traballo e a flexibilización horaria para as traballadoras por conta allea• non poden estar xa recollidas como obrigatorias na lexislación vixente
1000 € por traballador/a por conta allea Un máximo de 5000 €	Empresas que asinen acordos de teletraballo (cun mínimo de dúas xornadas semanais fóra do centro), formalizados de xeito individual co persoal vinculado á empresa con contrato laboral.

Máis información sobre o Programa Emega nesta ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210714/AnuncioG0599-290621-0001_es.html